

Actividade: I ANDAINA POR BUXÁN 2024

1. Datos xerais da actividade

- a. Denominación: I ANDAINA POR BUXÁN 2024.
- b. Descrición xeral: Andaina de carácter lúdico recreativo (non competitiva) no que ao longo dun percorrido de aproximadamente 12 Km. , durante os cales se poderá desfrutar da natureza, das vistas dende o alto do Monte Pedregal ou das Pedras e sobre todo da paisaxe da parroquia de Buxán .
- c. Organizadores: ASOCIACIÓN CULTURAL SAN XOÁN DE BUXÁN.
- d. Data: 28 de setembro de 2024.
- e. Horario: 9:00h ata 12:30 h.
- f. Localización e percorrido:
 - O punto principal da actividade sitúase na parroquia de Buxán, concretamente nas aldeas de Piñeiro, Silvarredonda, Fufelo e Picadizo. Partindo do local social da Asociación, situado no Piñeiro (xunto a Iglesia de Buxán), realizando un percorrido circular subindo ao Monte Pedregal e rematando de novo no local social. (Ver Anexo I).
 - Avituallamento:
 - 1º) Km 6,5 : eólico do Pedregal ou Miradorio das Pedras.
 - 2º) Chegada: Local social da Asociación do Piñeiro.

2. Regulamento:

- a. Artigo 1.- Organización

A Asociación Cultural San Xoán de Buxán organiza a “I Andaina por Buxán” o próximo 28 de setembro de 2024.
- b. Artigo 2.- Persoas destinatarias

Maiores de 18 anos.

Aqueles/as participantes con idades comprendidas entre os 14 e os 18 anos poderán participar cunha autorización por escrito dos proxenitores.

Os menores de 14 anos ademais do anterior deberán ir acompañados/as dun adulto.

Nota: Necesaria inscrición previa e as autorizacións dos proxenitores serán entregadas no momento de recoller os dorsais.
- c. Artigo 3.- Inscricións e prazas
 - A inscrición é obrigatoria e poderá formalizarse en:
www.emesport.es/eventos

Correo: asocbuxan@hotmail.com

- A actividade ten un custo de 10 euros, con límite de prazas de 500.
 - O prazo de inscrición remata o martes 24 de setembro as 00.00 horas.
- d. Artigo 4.- Andaina
- A distancia será de 12 Km aproximadamente.
 - A andaina comezará as 9:00h e o punto de encontro para a saída será no Local Social de Buxán no Piñeiro (xunto a igrexa).
 - Reparto de dorsais a partir das 8:30h.
- e. Artigo 5.- Información
- Poderase atopar máis información en :
 - asocbuxan@hotmail.com
 - www.emesport.es/eventos
- f. Artigo 6.- Normativa xeral e de seguridade
- A organización resérvase o dereito de modificar datas ou percorridos, así como aprazar ou suspender a actividade por razóns de necesidades organizativas, de seguridade ou por incidencias meteorolóxicas, tales como alertas laranxa, valores do IRDI,...
 - A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes na actividade.
 - Recoméndase levar roupa e calzado axeitado para a práctica deportiva.
 - A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.
- g. Artigo 7.- Dereitos de imaxe, uso de datos e autorizacións
- A inscrición na actividade supón a aceptación das presentes bases.
 - As persoas inscritas declaran estar en bo estado físico e ter pasado os pertinentes recoñecementos de saúde, e deberán facer constar calquera incidencia médica (alerxias, atencións especiais...).
 - As persoas participantes autorizan e aceptan a publicación do seu nome e apelidos, así como a súa imaxe, nos documentos xerados para a xestión da actividade, listaxes de participantes, medios de comunicación e internet para a promoción do deporte.

3. Programa xeral sábado 28:

- a. A partir das 8:30h: entrega de identificacións para os participantes no local da Asociación.
- b. 9:00h aprox.: inicio andaina.
- c. 12:30 h: remate aproximado da andaina.

4. Número máximo de participantes

Participación máxima de 500 persoas.

5. Seguro de Responsabilidade Civil

A Asociación Cultural San Xoán de Buxán, organizadora da actividade, dispón da necesaria póliza de responsabilidade civil.

6. Outras consideracións

- a. A organización comprométese a utilizar cintas e balizas para sinalizar o percorrido que non causen dano algún ao medio.
- b. As persoas participantes comprométense a non danar o medio e levar consigo o lixo que xeneren ou depositalo nos lugares acondicionados para tal.

Asociación Cultural San Xoán de Buxán (CIF: G70026034)

Buxán, a 26 de agosto de 2024.

ANEXO I

